

O máster ten unha orientación académica e investigadora, e intégrase na etapa de formación do programa de doutoramento en Teoría da literatura e literatura comparada. Oriéntase fundamentalmente aos estudos literarios a partir dunha perspectiva interdisciplinar, teórica, crítica e comparatista, aberta dende a súa centralidade literaria aos estudos fílmicos, intermediais e interartísticos, así como ás relacións entre a literatura e as novas tecnoloxías, a cultura de masas e as escrituras emerxentes. Na súa actual formulación, plenamente adaptada ao EEES, o programa ven dunha sobranceira tradición (primeiro programa de doutoramento en teoría da literatura e literatura comparada da universidade española (en 1991-1992), que acadou e mantivo ininterrompidamente a Mención de Calidade do Ministerio de Educación e Ciencia

e a ANECA (2002-2003). Está integrado na etapa de formación do programa de doutoramento en Teoría da literatura e literatura comparada e no programa de máster conxuntos da UE Erasmus Mundus, Crossways in Cultural Narratives, nun consorcio formado polas prestixiosas universidades de St. Andrews, Sheffield, Perpignan Via Domitia, Bergamo e Nova de Lisboa, así como na rede Hermes para estudos literarios e culturais europeos, formada polas universidades de Aarhus, Giessen, Católica de Leuven, Lisboa, University College of London, Onderzoekschool Literatuurwetenschap, Wisconsin-Madison e Stanford, rede especificamente adicada á promoción da investigación predoutoral dos estudantes de máster e doutoramento.

Máster Universitario en Estudios Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura

Coordinadora:
Teresa Vilarino Picos

Centro:
Facultade de Filoloxía
Campus Universitario Norte.
Avda. de Castelao s/n.
15782 Santiago de Compostela

Tel.: 881 811 777
Interno USC: 11777
Mail: mteresa.vilarino@usc.es

Web:
<http://www.usc.es/posgrao/poptlc>

Crossways in Cultural Narratives
ERASMUS MUNDUS MASTERS



Ao longo da súa existencia, pasaron polo programa centos de alumnos de diferentes universidades, internacionais moitas delas, e decenas de profesores invitados, entre os máis prestixiosos especialistas internacionais no seu campo, como I. Even-Zohar, A. Gnisci, W. Mignolo, C. Reis, S. Tötösy, B. Epps, A. Gaudreault, M. Higonnet, M. Valdés, L. Jullier, L. Scarano, D. Chamberlain ou E. Kac, entre outros.

Programa:

O Máster estrutúrase, ademais do Tráballo de Fin de Máster (10 ECTS), nos seguintes módulos optativos:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE:

- ▶ Crítica literaria e análise cultural (10 ECTS)
- ▶ Literatura europea comparada (15 ECTS)
- ▶ Teoría da cultura de masas (10 ECTS)
- ▶ Ciberliteratura e cultura dixital (10 ECTS)
- ▶ Performance e teatralidade (5 ECTS)

SEGUNDO CUADRIMESTRE:

- ▶ Interartes (10 ECTS)
- ▶ Estudos filmoliterarios (10 ECTS)
- ▶ Escrituras emerxentes (10 ECTS)
- ▶ Tradución literaria (10 ECTS)
- ▶ Teoría dos xéneros literarios: Teatro (5 ECTS)

Titulación:

Máster Universitario en Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura pola Universidade de Santiago de Compostela.

Rama de coñecemento:

Artes e Humanidades

Perfil:

Académico e Profesionalizante

Tipo de ensinanza:

Presencial

Duración: Un curso académico (60 créditos ECTS).

Centro de adscrición: Facultade de Filoloxía

Prazas: 40

Matrícula: 1200 €

Prezo por crédito: 19,55 €

Pendente de aprobación o Decreto de taxas para o curso 2011/12

Consultar modalidades de pagamento

Bolsas: <http://www.usc.es/bolsas>

Web: <http://www.usc.es/posgrao/poptllic>

